

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O EXCMO. CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CESIÓN A TÍTULO GRATUITO DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUN CENTRO DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES.

Ribeira, 23 de novembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social.

Doutra parte, don Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Consellería de política Social e do Concello de Ribeira respectivamente.

EXPOÑEN

I. Que ambas partes teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social, supresión de barreiras e accesibilidade.

II. Que conforme ao establecido no do Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar,

planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

III. Pola súa banda, o concello de Ribeira, de conformidade coa Lei de Bases do réxime local, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizo sociais de Galicia, atribúe ás entidades locais competencias en materia de detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

Asemade, a referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, establece que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

IV. A Consellería de Política Social está a desenvolver un novo modelo de coidados de longa duración baseado en tres piares: unha maior coordinación sociosanitaria, melloras arquitectónicas e a aposta pola tecnoloxía. Esta nova concepción dos centros residenciais para persoas maiores dependentes supón unha transformación na concepción da atención residencial que para a súa correcta valoración resulta preciso a creación dun centro ex novo cuxo deseño e construción xa parta coa concepción do novo modelo de atención centrada nas persoas.

O novo modelo de centro residencial, ademais de ser pioneiro a nivel arquitectónico, máis acolledor e funcional, destacará por unha maior coordinación dende o punto de vista sanitario. Por outra parte, o novo deseño non só debe ser aplicable nas áreas urbanas senón que debe adaptarse ao rural, no que vive a maior parte das persoas maiores.

Atendendo ás áreas con maior demanda dentro do programa de asignación de recursos, procedemento establecido para a asignación de prazas dentro do Sistema de atención á Dependencia en Galicia, a de Santiago de Compostela atópase entre as tres con maior número de persoas solicitantes e é a que conta cun territorio máis extenso, gran parte do cal é rural.

A creación dun novo recurso de atención residencial a persoas dependentes, ademais de permitir verificar o modelo proposto, tamén axudará a atender a demanda de prazas de este tipo por parte de persoas dependentes. Polo que, para acadar unha maior eficiencia no investimento, dentro dos parámetros do modelo, precísase un volume de edificación que permita a atención de 100 persoas usuarias.

Os requirimentos dunha maior coordinación sociosanitaria aconsella a localización do novo centro residencial preto dun centro hospitalario con recursos para poder asumir unha maior demanda de servizos que suporán en algúns momentos as 100 persoas que vivirán na residencia. Polo que a posibilidade de implantar o modelo no Concello de Ribeira, onde tamén se atopa o Hospital do Barbanza, supón unha localización idónea para sacar conclusións e afinar os aspectos técnicos e funcionais do modelo.

Deste xeito a intención da Consellería de Política Social é construír e por en funcionamento un centro residencial para a atención a 100 persoas maiores dependentes no Concello de Ribeira, que cumpra cos requisitos arquitectónicos e funcionais do novo modelo de coidados de longa duración.

En canto á situación concreta da nova infraestrutura no Concello de Ribeira localizárase no LG SAIÑAS Polígono 7 Parcela 128, cunha superficie de 4.295 m².

V. Ambas partes consideran que a realización da actuación descrita redunda de xeito positivo no eido da defensa do intereses públicos que lles competen, polo que acordan levar a cabo actuacións de colaboración que permitan a construción e posta en marcha no concello dunha residencia para persoas maiores dependentes por parte da Consellería de política social.

E en base a estes expoñendos, conveñen en establecer o seguinte

CLAUSULADO

PRIMERA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellería de política Social para a cesión a título gratuito, por parte do concello, dunha parcela localizada LG SAIÑAS Polígono 7 Parcela 128, cunha superficie de 4.295 m² con referencia catastral 15074A007001280000KI.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

1.- O Concello de Ribeira comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión do devandito terreo, a través da fórmula oportuna de conformidade coa normativa patrimonial, á Consellería, e que esta sexa apta dende o punto de vista urbanístico para construción de residencia para persoas maiores, a devandita parcela será obxecto de cesión libre de cargas e gravames para uso de residencia pública de persoas maiores.

Asemade, o Concello comprométese e dentro das posibilidades legais permitidas a promover a modificación das ordenanzas fiscais para a aplicación das bonificacións que sexan posibles a favor deste centro de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, no pagamento de impostos, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

2.- A Consellería de Política Social comprométese, unha vez aceptada a cesión e adscrito o inmovible, á construción, nos terreos cedidos polo concello, dunha residencia pública para persoas maiores.

3.- A cesión da titularidade dos terreos farase de acordo cos requisitos e procedementos establecidos pola Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia e demais normativa de aplicación.

TERCEIRA.- Establecemento dunha comisión mixta ou de seguimento

Para facilitar o seguimento da colaboración, constituirase unha comisión mixta composta por dous representantes da Consellería e dous representantes do Concello, así como un secretario designados ao efecto. Os membros da Comisión de Seguimento serán nomeados no prazo de 7 días naturais desde a sinatura do presente Convenio. Os representantes da Consellería serán nomeados pola Conselleira de Política Social que será a Presidenta. Os representantes do Concello serán nomeados polo Alcalde. Actuará como secretario un funcionario da Consellería.

Serán funcións desta comisión asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, así coma interpretar as dúbidas que xenere o seu cumprimento e resolver as controversias xurídicas consecuencia da súa execución.

No réxime de funcionamento da Comisión Mixta estarase ao disposto para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CUARTA.- Vixencia

O convenio entrará en vigor dende o día seguinte á súa sinatura e estará vixente en tanto en canto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, podendo demandar ambas partes as obrigas ás que ambas se comprometeron.

En todo caso, o presente convenio terá unha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

QUINTA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente Convenio, xunto co mutuo acordo das partes e o transcurso do prazo da súa vixencia sen acordarse a súa prórroga, o incumprimento das obrigas ás que as partes se comprometen na cláusula segunda do mesmo.

O incumprimento por parte da Consellería do clausulado, salvo causa de forza maior, ou ampliación de prazos negociada e acordada na Comisión de Seguimento, que impida o inicio da obra e o efectivo establecemento e funcionamento do equipamento público, dará lugar a obriga de devolver a parcela o Concello de Ferrol.

SEXTA.- Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, normativa local, concordante e de desenvolvemento.

Para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no seu cumprimento estarase ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Soamente se aplicará o dereito privado con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagoas que poidan xurdir.

SÉTIMA.- Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Os representantes das partes asinantes do convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar e a un só efecto en Ribeira

Pola Consellería de Política Social
A Conselleira de Política Social

Polo Concello de Ribeira
O Alcalde

Fabiola García Martínez

Manuel Ruiz Rivas